



DOCUMENTO Nº1

MEMORIA



PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AVDA. CASTELAO, ENTRE O Nº 1 E Nº 9.

Antecedentes:

A petición da Concellería Delegada de Fomento, redáctase o presente proxecto técnico.

Obxecto:

O obxecto é definir e valorar as obras para mellora e renovación da pavimentación de beirarrúa da Avda. Castelao, entre os nº 1 e 9, así como determinados servizos soterrados obsoletos.

Descripción das obras:

Procederáse a renovación da rede de saneamento que se encontra obsoleta, mediante a execución dunha nova canalización de PVC de diámetro 400 mm con renovación de acometidas con diámetro 250 mm tamén en PVC. Aproveitase a actuación para incrementar o número de sumidoiros no ámbito de actuación conectados con elemento sifónico sobre a nova rede proxectada.

En canto a rede de abastecemento, dotarase de novas bocas de rego e hidrante.

Así mesmo renovarase a rede de iluminación coa instalación de arquetas, novas cimentacións de columnas e canalización formada por 2 tubos de PE de diámetro 110 mm e 1 tubo de diámetro 63 mm. Renovaranse os puntos de luz, mediante a inclusión de columnas de aceiro galvanizado de 10 m de altura modelo Siria-Cham ou similar e luminaria Idea Premium ou similar con lámpara de VSAP de 250 w. Tamén se renovará o cableado da instalación.

Aproveitarase a actuación para gañar espazo para o peón mediante o aumento do ancho de beirarrúa existente ata un total de 3 metros coa renovación de bordos e nova base de formigón HM-20. A continuación pavimentarase a beirarrúa existente entre o número 1 e o 9 da Avda. Castelao, mediante losetas de granito Gris Alba 60x40x6 cm e adoquín 14x14x10 cm nos vados de carruaxes.

Aproveitarase a actuación para dotar o ámbito de bancos, papeleiras e plantación de novo arbolado con alcorque de fundición e renovación de sinalización horizontal e vertical.

Ademáis incluírase canalización de reserva mediante 2 tubos de PE de diámetro 110 mm e instalación de rede de rego para liña de arborado contigua o bordo.

As obras permanecerán en todo momento perfectamente sinalizadas e balizadas, facilitando en todo momento a circulación rodada e peonil, nas mellores condicións posibles de seguridade.

**Cumprimento da Ley 8/1997 de 20 de agosto:**

O presente proxecto cumpre ca Lei 8/1997 de 20 agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Regulamento de desenvolvemento de dicha lei RD 35/2000, de 28 xaneiro e a Orden VIV/561/2010, do 1 de febreiro, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados.

Xestión de residuos

Según o previsto no R.D. 105/08 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición aplicase unha valoración que se recolle no anexo nº 3.

Prazo de Execución:

Para as obras que se proxectan, considérase suficiente un prazo de obra de DOUS (2) meses, que comezará a contar a partir da data da Acta de Comprobación do replanteo.

Prazo de garantía:

O prazo de garantía será dun ANO (1), contado a partir da data da Acta de Recepción.

Estudo Básico de seguridade e saúde:

Inclúese no DOCUMENTO Nº 3 o Estudo Básico de Seguridade e Saúde, que establece, durante a construción da obra, as previsións respecto a prevención de riscos e accidentes profesionais, así como os servizos sanitarios comúns aos traballadores.

Servirá para dar unhas directrices básicas á empresa constructora para levar a cabo as súas obrigas no campo da prevención de riscos profesionais facilitando o seu desenvolvemento baixo o control do Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra, de acordo co Real Decreto 1627 do 24 de Outubro de 1997 que establece as Disposicións Mínimas en materia de Seguridade e Saúde.

O obxecto do Estudo Básico de Seguridade e Saúde é servir de base para que o Contratista elabore un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo. O devandito Plan ten por obxecto analizar, estudar, desenvolver e complementar as previsións contidas no Estudio Básico de Seguridade e Saúde.

Estudio Xeolóxico e Xeotécnico:

Dado o carácter consolidado do ámbito de actuación da obra e a superficialidade das actuacións a levar a cabo, non se considera necesario a inclusión dun estudio específico.

**Orzamento para coñecemento da administración:**

Orzamento de execución material:	89.018,66 €
Orzamento Base de Licitación + IVE	125.000,00 €

Clasificación do contratista:

Non se esixe clasificación. En caso de considerarse debería ser E1a e G6a.

Fórmula de revisión de prezos:

Non se require

Documentos que integran o proxecto:

Documento	Nº.1	MEMORIA E ANEXOS Anexo 1: Justificación de prezos. Anexo 2: Plan de Obra. Anexo 3: Xestión de Residuos.
Documento	Nº.2	PLANOS
Documento	Nº.3	ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
Documento	Nº4	PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES
Documento	Nº.5	ORZAMENTO Medicións Cadro de prezos nº 1 Cadro de prezos nº 2 Orzamento Resumo do Orzamento

Cumprimento da Lei de Supresión de barreiras:

O presente proxecto, cumpre as prescricións incluídas no Decreto 35/200, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execucion da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.



Obra completa:

O presente proxecto, cumpre o establecido no Art. 125.1 do RD 1098/2001, que non se opón á Lei 30/2007, no que se di textualmente *"Los proyectos deberán referirse necesariamente a obras completas entendiéndose por tales las susceptibles de ser entregada al uso general o al servicio correspondiente, sin perjuicio de las ulteriores ampliaciones de que posteriormente puedan ser objeto y comprenderán todos y cada uno de los elementos que sean precisos para la utilización de la obra."*

Consideración final:

Con todo o exposto anteriormente e o recollido nos demais documentos incluídos no presente proxecto, consideramos que a solución adpotada está suficientemente xustificada e redactada conforme a legislación vixente, polo que se firme e se eleva a Superioridade para a súa aprobación se así procede.

Vigo, Xuño do 2011

O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos
e Inspección de Obras

Asdo.: Jorge Muñoz Rama





ANEXO 1: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS



ANEXO 2: PLAN DE OBRA



ANEXO 3: XESTIÓN DE RESIDUOS



DOCUMENTO Nº 2
PLANOS



DOCUMENTO Nº 3
ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE



DOCUMENTO Nº4

PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARTICULARES



DOCUMENTO Nº5

ORZAMENTO



MEDICIÓNS



CADRO DE PREZOS Nº1



CADRO DE PREZOS Nº 2



MEDICIÓN E ORZAMENTO



RESUMO DO ORZAMENTO